



Dez propostas para recuperar CCOO para un sindicalismo combativo, de clase e democrático

A apropiación de case 800.000 euros por seis conselleiros de CCOO, participando do saqueo de 15,5 millóns de euros perpetrado en Caixa Madrid e Bankia, desatou un torrente de indignación nas filas do noso sindicato. Como sinalamos no **Manifiesto GañemosCCOO para os traballadores**, é un insulto á intelixencia dos traballadores e dos afiliados de CCOO que tanto Toxo como a Comisión Executiva Confederal pretendan alegar que descoñecían o que ocorría en Caixa Madrid e en Bankia.

Desde **GañemosCCOO** consideramos que é unha necesidade inaprazable a rexeneración do noso sindicato e que recupere as sinais de identidade que o forxaron. Para lograr este obxectivo propoñemos un plan de acción de dez puntos:

- 1 Abandonar a estratexia sindical fracasada de pacto social e concesións á patronal para recuperar un sindicalismo combativo, de clase e democrático.** CCOO debe promover a unificación das loitas e defender todos os postos de traballo ¡Basta de negociar a destrución de emprego! CCOO debe mobilizar consecuentemente contra a política de recortes e austeridade, confluindo cos movementos sociais.
- 2 Dimisión da Comisión Executiva Confederal.** Os máximos dirixentes confederais son á súa vez os máximos responsables políticos da situación de desprestixio e perda de credibilidade do noso sindicato, agudizada polo escándalo da utilización das tarxetas black.
- 3 Congreso Extraordinario.** Debe celebrarse un debate democrático en todo o sindicato que dea o protagonismo á militancia e que culmine nun congreso extraordinario con delegados elixidos directamente pola base.
- 4 Respecto á militancia de CCOO e ás asembleas de traballadores.** As seccións sindicais e os comités de empresa deben levar a iniciativa na loita pola mellora dos convenios e na defensa dos empregos (folgas e mobilizacións). Todas as propostas deben ser sometidas ás seccións sindicais, que deben recuperar o seu impulso como organización básica de CCOO, e as asembleas de traballadores. Os órganos de dirección deben acatar as decisións que nelas se adopten. Non se pode asinar por parte de CCOO ningún acordo contra a opinión das asembleas de traballadores.
- 5 Control democrático dos responsables sindicais: elixibilidade e revogabilidade dos mesmos.** Os liberados de CCOO, así como os cargos de responsabilidade, deben ser elixidos democraticamente polas asembleas de afiliados da empresa, sector ou ámbito correspondente. Todos os cargos de CCOO deben estar sometidos á revogabilidade por parte de quen os elixiron.
- 6 Os responsables de CCOO deben vivir como calquera traballador.** O seu salario non pode ser maior que o dun traballador cualificado (non pode exceder os 1.800 euros netos ó mes). Débense suprimir todos os gastos de representación. Os salarios de todos os res-

ponsables de CCOO deben ser públicos e coñecidos por toda a organización e o conxunto dos traballadores.

7 CCOO non pode depender das subvencións do Estado e debe abandonar todos os Consellos de administración. O noso orzamento debe apoiarse nas cotas da militancia e no apoio económico da clase traballadora. Hai que recuperar as Caixas de Resistencia en todos os conflitos e as colectas en todas as empresas. Lograr a independencia económica fronte ó Estado e a patronal é a forma de garantir un sindicalismo de clase. As horas sindicais son para a acción sindical.

8 Os delegados de CCOO deben utilizar as horas sindicais para loitar polos dereitos dos traballadores. Deben publicarse nos taboleiros das empresas, e hai que render contas delas ante a militancia e os traballadores.

9 Respecto á democracia interna en CCOO. Basta de expulsións e sancións a afiliados de CCOO por motivos políticos e de

opinión. Ningunha medida antidemocrática máis (expulsións, disolución de Federacións, seccións sindicais, etc.).

10 CCOO é un sindicato de clase, non un sindicato de xestión ou de colaboración de clase, que defende os dereitos dos traballadores e loita pola transformación da sociedade cara ó socialismo: • Anulación da contrarreforma laboral e da contrarreforma das pensións • Non ós recortes e a privatización dos servizos sociais • SMI de 1.100 euros • 35 horas semanais sen redución salarial • Prohibición da ETT's • Fixos nas empresas ós 15 días • Prohibición por lei de despedimentos nas empresas con beneficios • Readmisión obrigatoria de traballadores en caso de despedimento improcedente • Dereito á sanidade e á educación pública, digna, gratuíta e universal para todos • Prohibición dos desafiuzamentos por lei • Plenos dereitos democráticos de expresión, reunión e organización • Derrogación da Lei de Estranxeiría • Nacionalización da banca para loitar contra o desemprego masivo • En defensa do dereito a decidir das nacionalidades.

Como sindicalistas e afiliados que defendemos as tradicións combativas de CCOO, non podemos permanecer pasivos ante unha situación que pode acabar conducindo á destrución do noso sindicato. Convocamos a toda a militancia de CCOO a sumarse a recuperar as CCOO, desde a base e a participación, ó programa de loita de Marcelino Camacho e de tantos e tantos militantes que o empeñaron todo en defensa da causa da clase traballadora.

¡Fóra arribistas e corruptos!

¡Vivan as Comisións Obreiras!

GañemosCCOO

